



BANDO

PROGRAMA DE TURISMO SOCIAL

D.RAMIRO MOURE ANSOAR, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TABOADA (LUGO).

FAI SABER:

Que a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal ven de convoca-lo **PROGRAMA LECER E BENESTAR** dirixido ás persoas maiores, e persoas con discapacidade da nosa Comunidade Autónoma . Neste ano contempláanse dentro deste programa as seguintes modalidades:

- Turismo Termal: "Todo incluído". "só tratamento termal".
- Turismo de Intercambio
- Turismo de Praia

BENEFICIARIOS DO PROGRAMA

- Ser maior de 65 anos ou pensionista maior de 60 reunindo a condición de pensionista, agás no caso de persoas con discapacidade. O requisito da idade non se precisa no caso de cónxuxe ou acompañante con relación análoga a conxugal.

- Residir na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria ou ir acompañado de monitor, no caso de persoas con discapacidade, e atoparse en condicións de asistir ao programa.

- Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa. Non padecer trastornos mentais ou conductuais que podan altera-la convivencia durante o transcurso do turno.

- Presenta-la solicitude e correspondente documentación no prazo reglamentario.

- Efectúa-lo pago estipulado no período establecido.

PRAZO DE PRESENTACION:

- O prazo de presentación de solicitudes estará aberto **ata o 15 de Abril.**

Todas aquelas persoas interesadas en participar neste programa, podense dirixir o servizo de Asistencia social do Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos en Taboada a vinteun de Marzo de dous mil once.

O ALCALDE